

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 7 CINTA 4



NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0004_007_en_0_26_28_id631_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0004_007_en_0_26_28_id631.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o sétimo corte dos que se divide a cuarta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala do sistema de reparto do peixe coa chegada das traiñeiras, das poxas na lonxa e do soldo que percibían os mariñeiros polo seu traballo.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, pesca, mariñeiro, reparto do peixe, cobro, pago, soldo, lonxa, Asturias, traíñeiras, poxa, vendedor, armador, changüí, Vigo, rede, limpeza da embarcación, alcatrán

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 7 DA CINTA 4

P: O outro día faláramos dos sistemas de medidas e de pesas da venta, hoxe vaime falar, a ver se se acorda de como eran os cobros ou os pagos, cómo se facían as partes, cando se vendía o peixe na lonxa, entón se distribuía, había un sistema económico, unha parte iba para o barco, o armador, outra parte para o patrón, outra parte para os mariñeiros.

R: Cando viñeron este tipo de traineras de remos, as traineras.

P: Si, cando eran as traineras si.

R: Xa viñeron con un tipo un pouquiño grande ¿non?. Lanchas un pouquiño mellores que estas das regatas. ¿non?. Eran do mesmo tipo, tipo....

P: Si preparadas para pescar claro.

R: Xa viñan cun reparto feito de Asturias.

P: Os Asturianos xa traían...

R: Como xa traían o modelo de traballar nelas e de cobranza, a cobranza era a parte que lle correspondía ó armador e a parte que lle correspondía ós tripulantes, de maneira que se salía para o mar sen sueldo ningún, Ibase ao montón da pesca capturada e da pesca capturada íbase a vender á lonja. E había uns vendedores que se facían responsables, por orden dos mariñeiros, que se facían cargo da pesca que vendían, ó vender os armadores e os pescadores non tiñan nada que ver, accedían a vender e na puxa que rebotaran os compradores.

P: As puxas que se facían na lonxa que eran de maior a menor ou...

R: Empezaban a vender por dez, iban nove, oito, sete...

P: Iban baixando.

R: De repente decían para!, Entón había eses que lle chamaban carretóns que se facían co pescado fresco ¿non? E despois había representantes das fabricacións, que compraban tamén para a fábrica. Eses facíanse responsables deses vendedores. Terminou logo o peixe a un remitente ou a unha muller. El ten que pagar é a quen lle comprou. E se cobrou, e se cobrou despois tenlle que pagar as condicións ós tripulantes.

P: Eso é ó que vamos si.

R: Tanto para os tripulantes e tanto para as tripulacións.

P: ¿Que acordo traían os asturianos cando truxeron as traineras?

R: Había por partes ¿non?. De maneira que iban dez homes, pois dez homes ¿a cómo toca?, dez por dez, compoñíanse de dez tripulantes. Iban ó montón, dez para os tripulantes e dez para o armador, de aqueles dez se aumentaba máis, o armador nunca levaba máis que nove partes, nin que foran vinte homes partíase vinte por vinte, vinte para os tripulantes, se foran 21 tiñan que repartir as 20, decíamos canto de monte maior hai que tirar, hai que tirar 20 para a xente e 20 para o amo.

P: A ver se me entendo. Na lonxa facíanse os cartos brutos, e eses cartos brutos...

R: Partíanse entre... 20 homes vamos a poñer, con nove que levaba o capital, o capital sempre levaba 9 partes, sendo muito ou pouco, se había muito no monte pois repartían, 20 tripulantes que iban ó mar, con 9 do capital, eran 29.

P: Eran 29 partes.

R: E partían esas, sacaban 20 que é da xente e 9 do amo, 29 ou 30, vamos a usar números redondos, o armador pagaba os gastos que tiña como era o patrón, o patrón que era de pesca, non era dueño da embarcación.

P: Pagaba de esas nove partes que levaba.

R: De esas nove partes que levaba pagaba os seus gastos.



P: O armador pagaba os gastos, ¿e cales eran os gastos?

R: Aí todos eran á parte, non había sueldo de ningunha especie, se se pescaban tocaba parte, tocaba máis ou tocaba menos.

P: Primeiro collían o pastel e despois o repartían.

R: O armador dáballe a parte, ou os mariñeiros dábanlle as nove partes do armador, e o armador de aquelas nove partes que lle daban, tiña que pagar os técnicos que poñía pola parte del, despois había un corrector nombrado polos mariñeiros, que era o que levaba a contabilidade dos gastos dos mariñeiros todos, ingresos e gastos.

P: Un corredor.

R: Un corredor, ese partía o changüí, gardaba o changüí cando había changüí, e duraba todo o ano, de maneira que se había un ladrón o principal era o corrector. Porque o corrector era o que chegaba a Vigo coa patela e iba a vender á lonja, e iba á lonja e dábanlle a nota ó vendedor que tiñan eles, porque moitos tiñan un vendedor, outro tiña outro, un individuo de responsabilidade para pagar quen comprase o peixe. Porque había individuos... que lle chamaban carrexóns, viñan á lonja a comprar de noite para levar de día despois nos burros, nas faldas aquelas que teñen os burros.

P: Si nas *alforjas* todas.

R: Nas *alforjas*, cargaban de pescado e tiñan que mañan estar, viaxaban todo o día de noite cos burros cargados, para chegar ás plazas fresco o día, ¿non?

P: As plazas de interior.

R: Se entendían os compradores e o vendedor. E ó cabo da semana, que se partía todos os sábados, tocaba facer contas, iba ese corrector, pola parte dos mariñeiros e confianza que lle da tamén o armador iba o vendedor. Bueno conta!, tal día tanto, tal día tanto.

P: Pagaban por semana.

R: Si por semana.

P: Non pagaban por día.

R: O sábado iba o mariñeiro, o corrector ese a cobrar os cartos a Vigo, e o armador tiña a confianza nel de que cobraba, traía os cartos e despois facía contas, facía o reparto, entre o armador e os mariñeiros.

P: Si, pero non cobraban ó día, esperaban á semana, ó sábado.

R: Esperaban ó sábado porque se facía así, o que se cobraba ó día era cando había ese changüí.

P: Si, despois habemos de falar do changüí, agora estamos falando do que é o monte maior ¿non?

R: Despois do que hai...quen era o responsable todo, era o mesmo mariñeiro. Os mesmos mariñeiros decían, coño eso non sirve, non ten capacidade para levar a contabilidade, eles mesmos o botaban fóra. Os mariñeiros lle daban as nove partes que lle correspondían, polo capital, e desas nove partes tiñan que pagar despois a parte do armador, o patrón o piquero, o piquero era un mariñeiro que era o que poñía a pica a proa.

P: ¿A proa de que?

R: A proa do barco. Na modalidade do traballo, había un remo na proa do barco que lle chamaban a pícara, para girar o barco de un lado a outro.

P: Ai sí, nas traineras.

R: Se habían de ter na popa cando van a remar, esa tiña na proa para dirigir a proa e na popa íbanse largando as redes, e esa pica iba orientando o barco.

P: ¿E o piquero tiña un máis que o resto dos mariñeiros?

R: Si, polo menos tiña un cartón, media parte, esa é realizada solamente polo amo do barco, e despois tiña a parte correspondiente como mariñeiro, o patrón dáballe, se acaso dúas partes, dúas partes do que se partía entre os mariñeiros, e despois a parte dos mariñeiros, resulta que, nove que lle encanaban, saían menos cantidá, que cando se... había



que.. (?). nove partes, era menos capital para repartir entre máis, porque eran as 12 partes ou as 20 dos mariñeiros e mais as nove que lle correspondían ó armador.

P: Ó armador.

2-15R: Entonces do montón había que botar esas nove partes para darllas ó armador. Despois partían eles. A ver porque dos 20, había 4 que non foran uns días ó mar necesarios, a semana enteira, perderon algúns días, e neses días perdéronno, un perdeu catro duros, outro perdeu cinco duros, que se pescou.

P: Que se pescou e...

R: E son menos a repartir, e máis a repartir porque son menos. Había algún que ganaba 20 duros á semana, e había algún que ganaba 5 solos, porque o día que non veu ó mar...

P: Perdeu.

R: Perdeu.

P: E non había así un sistema para compensar...

R: Non. Iba para os mariñeiros que traballaban.

P: Si, e se non foi ó mar mala suerte ¿non? E despois o reparto coas nove partes que levaba o armador, que era o que pagaba?

R: Pagaba as redes.

P: Pagaba as redes, pagaba os gastos que tivera o barco.

P: Todos os gastos, se había que pintalo.

R: Se había que pintalos...

P: E darlle o alquitrén e todo iso.

R: Non, a limpeza do barco solo é cando (?) non traballaba. Unha vez que traballa fai gastos o barco por conta do armador. Ó parar a seifa, si acaso parábase na seifa e o armador tiña que varar o barco, rascalo, pintalo, coller as redes e secalas, encascalas, e tintalas e todo iso para estar listas para...

P: ¿E todo iso salía das nove partes?

R: Si. Ahora que despois había a compensación...cando se traballaba a xente axudaba a procurar o capital, non chegaba a terra, collía o peixe do quiñón que lle tocaba e íbase para casa, non, había que tender as redes e preparar as redes, e axudar a encascar e todo eso. Unha vez no barco ó morto (?), cada un collía a súa parte, e marcharse pa casa. E o (patrón do?) barco dixo: Non imos ó mar porque non hai máis pescado e porque non hai pescado terminouse a seifa. Cada un vai pa súa casa...[córtase]